

Vestíbulo da devastación

Rosa Enríquez

Espiral Maior Poesía. 59 páxinas

A autora propón neste seu primeiro libro individual un proxecto poético e vital: procurar un espacio de liberación e de sosego no que a poesía é concibida coma un territorio de emancipación e de ruptura coas opresións sociais, coas ataduras dun mundo cuadrículado. Como subliña Yolanda

Castaño no limiar, *Vestíbulo da devastación* debuxa un mundo de claroscuros, un ataфegante universo que abala todo o tempo entre a dúbida ou incerteza e o acedo resaibo da decepción: “A soedade por todos os recantos, unha amargurada dor que deixa sombras esnaquizadas a cada paso”.

